proceso **adiante** Relanzar o proxecto nacionalista

# ACTA ASEMBLEA ABERTA PROCESO ADIANTE

| ÁMBITO | |
|---|---|
| Localidade | Oroso |
| Comarca | Santiago |
| Lugar de realización | Tapería O´Martan |

| ÁSISTENCIA | |
|---|---|
| Nº Asistentes (no momento de maior participación) | 12 |
| Nº de non militantes asistentes | 3 |
| Nº de militantes convocad@s | |

| DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA | |
|---|---|
| *Persoas a cargo das que recaeu a explicación do proceso* | |
| A nivel local | Carlos M. Marcote |
| Representante do Consello Nacional | Néstor Rego |

| NÚMERO DE PERSOAS QUE INTERVIRON | |
|---|---|
| Duración aproximada da reunión | 2 horas |
| Metodoloxía empregada (clásica, grupos pequenos, pizarras, etc) | Clásica, arredor dunha mesa. |

| VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANSCURSO DA REUNIÓN |
|---|
| *Tono xeral da xuntanza, comparativa cunha asemblea ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.* |
| A reunión foi distendida, cun índice aceptable de participación por parte dos asistentes. |

## PROPOSTAS PARA O DEBATE

Listaxe de propostas (o máis sintéticas posíbeis):

- Mellorala explicación da necesidade do nacionalismo, non coma un fin en si mesmo, senón coma un medio para mellorala situación actual do pais.
- Necesidade de adecualo discurso a realidade do país onde xa é maior a relevancia dos sectores secundario e terciario ca o primario.
- Mellorala divulgación do noso discurso, nas redes sociais, nos plenos municipais, nos actos públicos, etc.
- Defendelo que fixemos e facemos, sen victimismo.
- Mantela nosa presenza na defensa dos intereses da cidadanía.

Con carácter xeral:

- Falouse fundamentalmente da situación actual do BNG, coincidindo en que a situación non é so culpa nosa, senón da dificultade de facer chegar o noso discurso.
- A emerxencia de novas forzas non é un proceso casual senón a estratexia dos medios de comunicación eminentemente españolistas.

**Radiografía da Galiza de hoxe**

- Poboación eminentemente urbana.
- Aumento do peso especifico dos sectores secundario e terciario a costa do sector primario.
- Mais interese pola situación económica que pola defensa da nosa identidade como pobo diferenciado: lingua e cultura.
- Poboación moi envellecida.

**Estratexia política do nacionalismo galego**

- Modificala mensaxe: nacionalismo como un medio para solucionalos problemas da sociedade, non so como un símbolo identitario, aínda que tamén.
- Potenciala defensa dos sectores secundario e terciario, o que non implica un abandono da defensa do sector primario.
- Melloralo alcance do noso discurso, nas redes sociais e na divulgación das nosas políticas no concello facéndoas mais visibles.
- Mantelo activismo social, na defensa das minorías e coa nosa presenza en asociacións culturais, deportivas, etc.
- Mais actos públicos para visualizarnos.

**Participación política e modelo organizativo**

- Mantelo modelo actual de fronte.
- Mantelo actual sistema de participación, incluíndo persoas non militantes nas nosas listas.
- Posibilidade de participar en coalición con outros partidos, incluso non nacionalistas.